

# Formulario E124\_C2\_V17

28/05/2018

## Quen é o responsable do tratamento dos seus datos?

- Identidade: Asociación Gallega de Empresas de Sistemas Inteligentes no Tripulados
- CIF: G27483825
- Enderezo postal: Plaza de Santo Domingo, 6-8-2º; 27001 Lugo
- Teléfono: 982.231150
- Correo electrónico: info@agasint.org

## Con que finalidade tratamos os seus datos personais?

Recollemos os seus datos coa finalidade de poder xestionar correctamente a nosa relación e os servizos que esta asociación e a Confederación de Empresarios de Lugo (CEL) prestan ás empresas asociadas. Neste formulario só os datos do representante, o seu NIF e mailo seu móbil particular se consideran datos de carácter persoal.

## Por canto tempo conservaremos os seus datos?

Conservaremos os seus datos ata que vostede exerza os dereitos de supresión ou oposición, recollidos na normativa vixente.

## Cal é a lexitimación para o tratamento dos seus datos?

A base legal para a recollida dos seus datos é o seu propio consentimento ou do seu representante legal.

## A que destinatarios se comunicarán os seus datos?

Os datos de carácter persoal non serán comunicados a ningunha entidade agás ás que nos autorice no apartado de 'Autorizacións'. Co único obxectivo de xestionar os recibos das cotas comunicaranse os datos estrictamente necesarios da empresa ás nosas entidades financeiras.

Todos os datos deste formulario serán tratados pola CEL e polo seu persoal na súa calidade de encargada do tratamento.

## Cales son os seus dereitos cando nos facilita os seus datos?

Vostede ten recoñecidos, pola normativa aplicable á protección de datos, os dereitos de acceso aos datos personais, obtidos neste ou outros formularios, así como á súa rectificación ou supresión, á limitación ou oposición ao seu tratamento, á portabilidade dos seus datos, así como a non ser obxecto dunha decisión baseada unicamente en tratamentos automatizados.

Tamén ten dereito a presentar unha reclamación perante unha autoridade de control como, por exemplo, a *Agencia Española de Protección de Datos* ([www.agpd.es](http://www.agpd.es))

<https://www.cel.es/gl/documentacion/4999/formulario-e124-c2-v17/>